

7 de maio - 30 de setembro

2007

concurso fotográfico

alianza aresana online

3

a edición

Traballo

Ares,
o seu contorno,
as súas festas e
as súas xentes

Alianza
Aresana



Concello de Ares
www.concellodeares.com

O Concello de Ares (A Coruña – España) convoca o 3º Concurso de Fotografía “Alianza Aresana” 2007 On line.

Este concurso naceu no ano 2004 como homenaxe a un grupo de aresáns que, emigrados a Cuba, fundaron en 1904 a “Alianza Aresana de Instrucción”. A devandita alianza marcouse como obxectivo fundamental o difundir unha cultura de

calidade entre os máis necesitados da súa vila natal Ares, aportando para iso medios económicos, coñecementos e o seu propio esforzo. Trala gran acollida e alto nivel de participación das dúas edicións anteriores, o concurso, segue fiel

á liña que se fixou desde a súa primeira convocatoria, mantendo como obxectivo a potenciación da creatividade plástica a través da fotografía, promovendo e divulgando imaxes achegadas por todos os seus participantes.

BASES DO CONCURSO FOTOGRÁFICO “ALIANZA ARESANA” – 2007

Dende 07/05/2007 ó 30/09/2007 en www.concellodeares.com

1º PARTICIPANTES e INSCRIPCIÓN:

A inscrición é gratuíta e poderán participar tanto fotógrafos afeccionados como profesionais de calquera parte do mundo.

Para cumprimentar a inscrición é obrigatorio encher e enviar o formulario que acompaña a estas bases.

Quedan excluídos do concurso os membros do xurado, así como os seus familiares.

2º TEMAS:

Poderase participar enviando fotografías relativas aos temas seguintes:

- Ares, o seu contorno, as súas festas e as súas xentes.
- Traballo.

3º CALENDARIO:

O concurso, que terá unha duración de 5 meses, dará comezo o **7 de maio do 2007** e finalizará o **30 de setembro do 2007** ás 24:00h.

4º CONDICIÓN TÉCNICAS:

Cada concursante poderá presentar un máximo de 3 fotografías POR TEMA.

Non se admitirán imaxes obtidas a partir de composicións de varias fotografías ou que incorporen efectos de tipo dixital (serán admisibles os efectos proporcionados por medios ópticos ou mecánicos).

As fotografías enviadas en CD ou por correo electrónico deberán ter formato JPEG e modo de color RGB, cun tamaño mínimo de 1600x1200 pixels (para escaeados aprox. 15x20 cm a 300 ppp).

As fotografías deberán de recibirse entre as datas indicadas e non terán sido publicadas ou presentadas noutro concurso con anterioridade. Os concursantes achegarán os datos indicados en formulario de inscrición. A falta deste formulario ou dos datos que nel se piden significará a exclusión automática do concurso.

Exemplo de envío por e_mail (*) ou de gravación en CDrom:

Seudónimo_Título_Traballo_1.jpg
Seudónimo_Título_Traballo_2.jpg
Seudónimo_Título_Traballo_3.jpg
Seudónimo_Título_Ares_1.jpg

As fotografías poderanse remitir por correo electrónico a :

concursofoto2007@concellodeares.com

ou en CD-Rom por correo ordinario ao seguinte enderezo:

Centro Cultural “Alianza Aresana” Concellería de Cultura 15624 – ARES A CORUÑA - SPAIN
Ref. 3º CONCURSO DE FOTOGRAFIA “Alianza Aresana” 2007 - On line.

Seudónimo_Título_Ares_2.jpg

Seudónimo_Título_Ares_3.jpg

Seudónimo_Formulario.txt

(*) O envío por correo electrónico pode realizarse foto a foto.

5º DEREITOS:

O concursante debe ser o único titular dos dereitos de autor das fotografías enviadas ao concurso e asegurarse de que terceiras persoas non poidan reclamar ningún dereito con respecto a elas.

As obras premiadas pasarán a ser propiedade do CONCELLO DE ARES que poderá expoñelas libremente.

Tanto os fotógrafos premiados como os seleccionados cederán a favor do CONCELLO DE ARES ls dereitos de reprodución, sempre que se mencione o nome do autor e teña como fin a divulgación e promoción da cultura.

A participación no concurso supón a aceptación de todas as súas condicións.

6º XURADO:

Estará formado por fotógrafos de recoñecido prestixio.

Xurado mensual: Formado por dous fotógrafos e un responsable da Concellería de Cultura.

Serán os responsables de seleccionar, cada mes, 10 fotografías por tema entre todas as recibidas e premiar a mellor foto do mes de cada Tema. As fotografías, seleccionadas cada mes, poderanse ver na web do Concello de Ares. Nas fotografías mostradas na devandita web, incluíraseseudónimo, título e o lugar de procedencia, ata a finalización do concurso.

Xurado final: Estará formado por 5 Fotógrafos (Farase público na primeira semana de outubro do 2007).

Este xurado poderá decidir sobre a inclusión ou non, na selección final, de ata 10 fotografías en cada tema, do total das recibidas aínda que non fosen preseleccionadas ningún dos meses.

O devandito xurado elixirá as 3 fotografías ganadoras en cada tema dun máximo das 60 seleccionadas (por cada tema), procedentes das seleccións mensuais máis as posibles inclusións.

Xurado Popular: Formado ao menos por 10 persoas, mediante votación, será o encargado de conceder o premio á “Mellor fotografía” en cada un dos temas.

O fallo de todos os premios (mensuais e finais) daranse a coñecer publicamente o día 19 de outubro de 2007 a través da prensa e da páxina web do Concello de Ares. O xurado poderá declarar “deserto” calquera dos premios.

Cada autor só poderá ser premiado nunha das 3 fotos recibidas aínda que todas elas poidan ser seleccionadas para a final.

Sobre a mesma foto poden concurrir varios premios. (Exemplo: Mellor foto do mes, 2º no concurso final e “mellor foto” segundo o xurado popular). A decisión do xurado é inapelable.

7º PREMIOS:

Tema “Ares, o seu contorno, as súas festas e as súas xentes”

1º premio 600 Euros.

2º premio 300 Euros.

Premio á “Mellor foto do mes” de 60 Euros (5 meses).

Premio á “Mellor Foto”, elixida por un xurado popular: 150 Euros.

Tema “Traballo”

1º premio 600 Euros.

2º premio 300 Euros.

Premio á “mellor foto do mes” de 60 Euros (5 meses).

Premio á “Mellor Foto”, elixida por un xurado popular: 150 Euros.

8º ENTREGA DE PREMIOS:

A entrega de premios terá lugar a partir do 25 outubro do 2007. A data, lugar e hora da entrega será publicada na web do Concello de Ares e notificada persoalmente aos ganadores. No caso de que algún concursante premiado non poida desprazarse a recoller o mesmo, seralle entregado na forma acordada por ambas partes. O Concello de Ares, coas mellores fotografías, organizará unha exposición virtual na súa website.